

## O PIÑEIRO BRAVO (PINUS PINASTER)

Xacobe Feijoo Lamas

**COÑECIDO CO NOME COMÚN DE PIÑEIRO BRAVO OU PIÑEIRO DO PAÍS, TAMÉN RECEBE OS NOMES COMERCIAIS DE PIÑEIRO GALEGO, PIÑEIRO NEGRAL E PIÑEIRO DAS LANDAS. O PIÑEIRO BRAVO É UNHA ÁRBORE DE GRAN IMPORTANCIA ECOLÓXICA E ECONÓMICA NO NOSO PAÍS. TEN IMPORTANCIA O SEU PAPEL DE RECONSTRUCTOR E PROTECTOR DE ECOSISTEMAS, A SÚA MADEIRA COMO MATERIA PRIMA E TAMÉN O PAPEL DE ELEMENTO XERADOR DE RENDAS COMPLEMENTARIAS ÁS DA AGRICULTURA E GANDEIRÍA PARA ÓS PROPIETARIOS DO MEDIO RURAL GALEGO.**

e as grandes facilidades de rexeneración natural, levan a consideralo piñeiro bravo como piñeiro galego ou piñeiro do país. Incluso deu título ó poema de Pondal que na actualidade é o himno galego. Vemos neste exemplo como o carácter autóctono ou alóctono dunha especie non condiciona en absoluto a súa capacidade de adaptación a un territorio

nen, necesariamente como veremos de seguido, ó seu papel ecolóxico.

A importancia ecolóxica dos piñeiros está relacionada coa súa función na sucesión vexetal. Sempre que se pretende restaurar un ecosistema degradado pola

erosión, a acción humana ou outra causa, non se pode plantear a introducción de especies arbóreas esixentes. Por exemplo, si nun solo típico dun monte galego, con alta pendente, rochoso e degradado pola erosión, plantamos directamente carballos e castiñeiros, a repoboación será un seguro fracaso. É necesario plantar piñeiros, que irán mellorando os solos, ó longo da súa vida. Diminuirán os contrastes climáticos, reciclarán os nutrientes dentro do ecosistema, favorecerán a aparición de especies herbáceas e arbustivas fixadoras de nitróxeno, reducirán a acidificación do solo e aumentarán a actividade dos microorganismos. Neste solo e ambiente forestal xa mellorado polos piñeiros, irán aparecendo ou se poderán introducir as especies frondosas esixentes. Este rol de reconstructor de ecosistemas, con algúns pequenos matices, tamén pode ser xogado por outras especies arbóreas, como os bidueiros e ameneiros, aínda que o piñeiro ten un maior valor protector polo carácter perenne das súas follas. Tamén é



Ramses

**E**n Galicia exténdense amplas masas da variedade atlántica de piñeiro bravo, debido, en boa parte, á acción do home, xa que desde o século XVIII foi unha especie enormemente utilizada para as repoboacións forestais. Desde o nivel do mar ata os 900 m, a súa perfecta adaptación ó terreo



### PRODUCCIÓN DE PLANTA FORESTAL

Especialidade en frondosas, castiñeiro híbrido, nogueiras, carballos, acevros

### PLANTA FROITEIRA ENXERTADA

### ABONOS ESPECIAIS E FITOSANITARIOS

EQUIPOS PROTECCIÓN DE PLANTAS, tesoiras, motoserras, desbuzadores,...

### PROXECTOS E ENXEÑERÍA FORESTAL

Xestión de axudas Unión Europea

### SERVICIOS AGROFORESTAIS

PLANTACIÓNS FORESTAIS, ROTURACIÓNS

AGRARIAS TRATAMENTOS SELVÍCOLAS,

MANTEMENTOS: limpeza, podas, abonados, tratamentos fitosanitarios (pragas, enfermidades)




## BOIBEL FORESTAL

MADEIRAS TRATADAS, postes, caselos, cerramentos, entitoramentos, pasarelas, sinalamentos



Ramires



Ramires

esta unha das razóns do seu emprego en repoboacións protectoras de concas hidrográficas.

**IMPORTANCIA ECONÓMICA**

O piñeiro bravo é unha das principais producións dos montes galegos. Ao redor da súa madeira desenvólvese unha importante industria de transformación, aserradoiros, chapas e taboleiros de partículas e fibras. Esta industria madeireira, cuns altos niveles tecnolóxicos e de valor engadido para a nosa sociedade, tería un maior desenvolvemento de non ser pola limitación que supón a escaseza de madeira de piñeiro. Esta escaseza está causada polos efectos dos incendios forestais e pola mala xestión das masas de piñeiros, actualmente infrautilizadas e cunha deficiente selvicultura aplicada. A aplicación da selvicultura axeitada para esta especie, crearía postos de traballo no medio rural e aumentaría o valor da madeira e dos ingresos dos propietarios rurais. Ademais aumentaría o volume de madeira

producido por superficie, axudando a resolver o déficit de materia prima.

**SELVICULTURA DO PIÑEIRO BRAVO**

O piñeiro bravo como especie intollerante precisa a luz directa do sol. Rexenera moi ben de xeito natural, trala corta da masa. Se non se abren ocos grandes para que entre luz suficiente, as plantas que nazan irán morrendo, sen posibilidade de anova-la masa.

Cando se trata dunha repoboación pode empregarse o marco de 3\*3 m, unhas 1111 plantas por hectárea. Para a corta final deberán quedar unhas 200 árbores, cuns 30 anos, se ben a idade do turno depende da calidade do sitio da plantación. Isto quere dicir que entre a plantación e a corta de renovación haberá que facer unhas cortas intermedias, chamadas claras.

As claras permiten producir ata un 40% máis, en volume de madeira, que no caso de non se facer. Ademais nelas eliminaremos as plantas enfermas, mal conformadas e con peores crecementsos.

Aumentamos tamén, por tanto, o valor dos piñeiros que vamos deixando para a corta final, xa que aumentan a súa calidade e, sobre todo o diámetro. Canto maior sexa o diámetro maior será o valor da árbore.

Outra técnica para aumentar o valor da madeira producida son as podas. Teñen por finalidade eliminar os nos do tronco, de maneira que se poda producir no aserradoiro unha táboa de calidade ou unha chapa. As podas como mínimo duplican o valor da madeira. Deben facerse cando os piñeiros acadan os 6 m de altura, podándose 2 m. Cando a árbore medre 2 m máis, poderemos podar outro metro. Como norma xeral non se podará nunca máis dun tercio do piñeiro. O corte deberá facerse a ras do tronco, evitando deixar muñóns nas polas cortadas.

Por último, para aumenta-la rendibilidade da repoboación débese empregar semente seleccionada, adaptada á zona onde imos plantar, aspecto no que nos asesorarán no viveiro.

**SENSACHA**  
GRUPO POP-ROCK de Cerceda

A CAIXA NEGRA

A súa maqueta xa a venda

CONTACTOS: 981 685 071 (Anxo)

**Bar Orellas**  
Tapas e Racións

Rúa da Fonte - ORDES - Tel: 981 680 253

**SONO GAL**  
sonido e iluminación

Avenida de A Coruña, 43 - 15185 CERCEDA (A Coruña)  
Telfs.: 981 685 230 · 981 686 268 · 609 703 026 · Fax: 981 688 060